

Un libro de Luís Lamela fai a crónica do golpe do 36 en Pontevedra **Cando a Galiza foi Bósnia**

Pontevedra conta cunha crónica rigorosa dos días que seguiron á aciaga data do 18 de Xullo de 1936. Luís Lamela, que ten publicado dous libros de grande venda sobre o mesmo período histórico, aborda, aínda que o título poda confundir (*Inmolados Gallegos*), a crónica daquelas xornadas.


■ X.C.

Con Castelao e outros galeguistas no exilio bonaerense, o 17 de Agosto de 1936, o día que na Caeira soaron os disparos que deitaban a Alexandre Bóveda, foi escollido como *Día da Galiza Mártir* e así se lembra en homenaxe todos os anos na cidade do Lérez. A cincuenta e sete anos daquela data a recuperación dos feitos históricos segue no silencio. A colección de historia contemporánea de Edicións do Castro ten contribuído a promover a esculca no pasado e acolle o último libro de Víctor Luis Lamela, que xa publicou unha biografía de Benigno Andrade *Foucellas* e outra de Pepe Miñones. Salvando acordos ou diverxencias cos enfoques do autor, a vantaxe dos traballos deste corcubiónés é a grande aportación de documentos pouco coñecidos que foi rabuñando aquí e alá.

En *Inmolados Gallegos* recorre a arquivos da policía, causas dos xuízos militares e testemuñas particulares e mesmo fornece unha lista de persoas mortas pola represión, tomando o período que vai do 20 de Xullo do 36 ao 20 de Outubro do 37 nos rexistos civís de Pontevedra e Pontesampaio. A redacción do libro segue un relato lineal, comezando por unha descripción paralela dos días do golpe en Madrid e como se producían os feitos no Goberno civil de Pontevedra, onde se concentraron as xentes leais á República. Culminado o golpe pola traición dos militares ao xuramento de lealdade á República, máis de 200 páxinas do traballo de Luís Lamela se adican a percorrer a crónica dos xuízos sumariísimos, dos que xa tiñamos en parte noticia polo libro *Vida, paixón e morte de Alexandre Bóveda*, e outras testemuñas espaxadas en diferentes publicacións.

A morte érguese cedo

A lectura arrepiá maiormente, non xa porque é o relato dunhas mortes inxustas e



SEOANE

evitábeis, senón porque se produciron baixo o simulacro de xuízos militares, sen probas nen respecto aos dereitos dos acusados. As vidas de Bóveda, Víctor Casas, Xoán Rico, Xermán Adrio, Telmo Bernárdez e tantas outras persoas documentadas por Luís Lamela e mortas ante un pelotón de fusilamento ou no anonimato da noite e as gávilas de calquera estrada seguen reclamando atención. O simple relato daquelas pantomimas enche arquivos que seguen pexados para os historiadores e calquer caste de investigador.

As 5,30 da mañá do 17 de Agosto do 1936 resoaron as balas que mataron a Bóveda na Caeira. O 12 de Novembro, no quilómetro 1 da estrada de Campañó, foron unha chea de estampidos os que tronaron na madrugada, coa morte de dez persoas, nun acto que se iniciou ás 7 coa *degradación* do capitán de asalto Xoán Rico.

Máis de cinco mil mortos

Nun apéndice Lamela fai estimación do número de vítimas, "até a actualidade levo meticulosamente identificados con nomes, apelidos, idades e motivos do falecemento, nos libros oficiais de defuncións dos poucos Rexistos Civís aos que accedin, a algo máis de cincocentos individuos galegos vítimas mortais da represión franquista e estimo razoadamente que extrapolando este citado guarismo en función dos períodos e localidades que investi-

guei, na Galiza poden ter rebasado con moito as cinco mil persoas, e coido que quedo curto, as que foron asesiñadas por *paeseos* ou fusilamentos, ou pola suposta aplicación da moi recorrida Lei de Fugas. E non contamos os encarcerados, os exiliados, os que morreron no campo de batalla, os que... É realmente espantoso pensar en tantos mortos na retagarda galega!"

Seguimento policial

Entre os documentos que fornece *Inmolados Gallegos* están diferentes informes policiais. Nun deles durante a guerra, a Comisaría de Investigación e Vixiáncia describe a Castelao, por suposto en castellano:

"**Filiación:** Duns 45 anos de idade, casado, médico, natural de Rianxo (...). **Antecedentes:** Deputado a Cortes por esta provincia como galeguista; era de tendencia separatista e unha das figuras máis prestixiosas do galeguismo de esquerda integrante do chamado Frente Popular (...) despois dos sucesos do ano 34, foi trasladado por estimalo perigoso, aínda que máis tarde foi reintegrado ao seu destino nesta capital; ao surxir o Glorioso Movemento Nacional, atopábase en Madrid. **Características persoais:** Alto, delgado, moreno, pelo negro, con grandes entradas, usa lentes de cuncha, viste de negro (loito) e usa sempre garabata de lazo ou chalina e chapeu flexíbel de asa máis ben ancha (...) Atópase na zona inimiga, preferentemente en Barcelona, onde ten realizado abondosa propaganda vermella como debuxante. Parece ser que actualmente emprende unha viaxe de propaganda por América".

Un documento do ano 34 delata a vixiáncia a que eran submetidos e a constancia de todo iso nos arquivos policiais:

"15 Outubro do 1934. Dase conta ao Gobernador civil que este señor [reférese a Castelao] en unión de D. Alexandre Bóveda, formaban o Comité dos Nacionalistas Galegos, durante o movemento revolucionario.

"18 Novembro do 1934. Dase conta ao Gobernador civil e ao Militar de que con motivo da viaxe dos dous arriba citados [fala de cando tomaron o tren exiliados para Badajoz e Cádiz], reuníronse na estación bastantes persoas e houbo frases de marcado matiz político". ♦